

ANEXO II

**DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE PREMIOS E AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO**

Don/Dona  , con NIF nº

**DECLARA QUE:**

O/A interesado/a non ten solicitada nin concedida axuda ou premio ningún para a mesma finalidade por ningunha das administracións públicas competentes.

Nas datas e polos importes que se relacionan, presentou solicitude/s e foi/fóronlle concedida/s, de ser o caso, a/s seguinte/s axudas para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADO O PREMIO OU A AXUDA	DATAS DE		IMPORTE	
	SOLICITUDE	CONCESIÓN <sup>(1)</sup>	SOLICITUDE	CONCESIÓN <sup>(2)</sup>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase *PENDENTE* nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como *DENEGADA*.

(2) Nas solicitudes denegadas farase constar "0" nesta columna.

Lugar e data \_\_\_\_\_ , de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura do/a responsable da solicitude)

Asdo.:

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. San Caetano s/n , 15781 Santiago de Compostela.

*Orde do 4 de outubro de 2010 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2009-2010.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece entre os seus principios o de proporcionar unha educación de calidade para todo o alumnado independentemente das súas condicións e circunstancias, xunto coa equidade na súa repartición. Así mesmo, determina que o sistema educativo se orientará, entre outros fins, á consecución dunha educación baseada na responsabilidade individual, o mérito e o esforzo persoal e o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos e ao desenvolvemento da creatividade, á iniciativa persoal e ao espírito emprendedor.

O Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, esta-

blece no seu artigo 13 que a dita etapa se organiza de acordo cos principios de educación común e atención á diversidade e que as medidas que se establezan neste ámbito estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da etapa, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Conscientes da importancia de recoñecer e valorar publicamente os méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo do alumnado que cursou cun excelente resultado académico a educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das atribucións que ten conferidas e de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para convocar e regular as

bases dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico,

### DISPÓN:

#### Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

Convócanse en Galicia os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2009-2010 co obxecto de dar recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado desta etapa educativa, reforzar aqueles aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntar excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.

#### Artigo 2º.-*Número e características dos premios.*

1. Poderase conceder ata un máximo de 20 premios.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contribúe con 7.320 € con cargo á aplicación 09.04.423A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. Caixanova contribúe con 7.320 € segundo o disposto no convenio entre a Xunta de Galicia e Caixanova do 19 de xullo de 2010.

3. A dotación económica de cada premio extraordinario é de 732 €.

4. O alumnado que obteña o premio extraordinario recibirá un diploma acreditativo e o/a secretario/a do centro educativo onde estea depositado o expediente académico anotaralle nel a distinción.

#### Artigo 3º.-*Requisitos de participación.*

Poderán optar aos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico o alumnado que reúna as seguintes condicións:

1. Ter cursado durante o curso 2009-2010 cuarto curso de educación secundaria obrigatoria no réxime ordinario en calquera dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Estar proposto polo equipo docente para a expedición do título de graduado en educación secundaria.

3. A media das cualificacións dos alumnos e alumnas solicitantes debe ser igual ou superior a 9 puntos. Esta nota media será a media aritmética das cualificacións en todas as materias dos catro cursos da etapa. A media aritmética das cualificacións da etapa exprésase con dous decimais, redondeada a centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior, e deberá reflectirse na certificación académica á que se fai referencia no artigo 4º.3.a) desta orde.

a) Segundo o establecido nas disposicións adicionais do Decreto 133/2007 polo que se regulan as

ensinanzas da educación secundaria obrigatoria, para a obtención da nota media non se terá en conta a área de relixión.

b) As áreas validadas ou exentas non serán tidas en conta para o cálculo da nota media.

4. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma segundo o indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

#### Artigo 4º.-*Documentación.*

1. O alumnado que, reunindo os requisitos indicados, desexe optar aos premios extraordinarios nesta modalidade, deberá solicitalo na secretaría do centro educativo en que se atope o seu expediente académico.

2. Para formalizar a inscrición deberá presentar a seguinte documentación:

a) Folla de inscrición cuberta segundo o modelo do anexo I desta orde.

b) Declaración responsable de ter ou non ter percibido ou solicitado outras axudas ou premios convocados co mesmo fin polas administracións públicas competentes segundo o modelo do anexo II desta orde, co que se entenderá cumprido o mesmo requisito exixido previo ao último pagamento, no caso de non producirse variación.

3. O/a secretario/a dos centros públicos ou quen desempeñe as súas funcións nos centros privados elaborará e xuntará á documentación anterior os documentos que a seguir se relacionan:

a) O alumnado que non teña o seu expediente de educación secundaria obrigatoria recollido na base de datos da aplicación XADE, certificación académica dos estudos obxecto de baremo, onde se reflicte a cualificación final media, asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/a director/a do centro educativo en que se atope o expediente académico.

b) Documento xustificativo da transferencia de datos que se imprimirá, unha vez introducidos os datos da solicitude do alumnado na aplicación informática <http://www.edu.xunta.es/premioseso>.

4. Ata o día posterior ao de finalización do prazo de solicitude, os centros educativos remitirán a documentación, por envío urxente, ao Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, edificio administrativo San Caetano s/n, 15781, Santiago de Compostela.

5. Sen prexuízo do anterior, o alumnado poderá presentar a documentación na forma prevista no arti-

go 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

6. De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, se a solicitude non reunise os requisitos precisos requirírase o interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándosele que, de non facelo, se considerará como desistido da súa petición, arquivándose esta logo de resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 42.1º da citada lei.

*Artigo 5º.-Prazo de presentación de solicitudes.*

O alumnado que, reunindo os requisitos indicados, desexe optar aos premios extraordinarios, deberá solicitalo no prazo dun 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

*Artigo 6º.-Publicación das candidaturas.*

1. A relación provisional de admitidos e excluídos farase pública nos dez días naturais posteriores á finalización do prazo de solicitude no portal educativo da Xunta de Galicia [www.edu.xunta.es/portal](http://www.edu.xunta.es/portal). Os interesados poderán presentar contra ela as alegacións que consideren oportunas nun prazo de dez días hábiles a partir da data de publicación.

2. O prazo máximo para publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, no portal educativo [www.edu.xunta.es/portal](http://www.edu.xunta.es/portal), será dun mes desde o día seguinte ao da finalización do prazo de solicitude.

*Artigo 7º.-Realización da proba para a obtención do premio.*

1. Os aspirantes aos premios extraordinarios ao rendemento académico deberán realizar unha proba estruturada en dúas partes que valorará os obxectivos e as competencias básicas acadadas polo alumnado, e constará de diversas cuestións coas que deberá mostrar o grao de consecución das competencias social e cidadá, en comunicación lingüística e matemática. Cada parte da proba desenvolverase nun tempo máximo de dúas horas.

a) A primeira parte constará de diversas cuestións referidas ás seguintes materias de cuarto curso: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e primeira lingua estranxeira, agás no caso de alumnado con exención en lingua galega e literatura que quedará exento da realización da correspondente parte da proba, sempre e cando a dita exención se acredite documentalente.

b) Na segunda parte o alumnado dará resposta a diversas cuestións de tres materias do currículo de

cuarto curso: ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e unha a escoller de entre física e química, música, bioloxía e xeoloxía, educación plástica e visual, tecnoloxía e latín.

2. Para poder aspirar ao premio, deberase obter, como mínimo, cinco puntos en cada unha das materias da proba.

3. As materias cualificaranse entre 1 e 10 puntos e só se poderá utilizar un decimal. O resultado de cada parte obterase mediante a suma da cualificación das materias que a compoñen, no caso de alumnado con exención en lingua galega e literatura só computará na primeira parte da proba as cualificacións de lingua castelá e literatura e primeira lingua estranxeira. No cálculo da nota final, cada parte suporá un 50% desta.

4. Posto que o número de premios propostos non pode ser superior ao que resulte da aplicación do artigo 2º desta orde, en caso de empate darase preferencia á mellor nota media á que se refire o artigo 3º.4; despois, á cualificación da primeira parte da proba e, finalmente, á cualificación da segunda parte desta. De persistir o empate, a comisión de selección procederá a realizar un sorteo.

5. O tribunal poderá declarar deserto algún dos premios.

6. As probas terán lugar nos lugares e datas que se publicarán oportunamente no *Diario Oficial de Galicia* e no portal educativo da Xunta de Galicia.

*Artigo 8º.-Tribunal.*

1. O tribunal encargado de elaborar, supervisar e avaliar as probas estará presidido polo director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, o xefe do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo e ata un máximo de catro vogais, pertencentes aos corpos de inspectores de educación ou dos corpos de profesorado de ensino secundario, designados pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto, un funcionario ou funcionaria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

2. Para os efectos de colaboración no disposto no parágrafo anterior, poderanse constituír comisións delegadas integradas por membros da comisión á que se fai referencia no punto anterior e outras persoas especialistas.

3. A percepción de asistencias deste tribunal atárase á categoría correspondente que determine a Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda, segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do

servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

*Artigo 9º.-Resolución provisional da concesión dos premios.*

1. O tribunal fará pública a relación provisional de persoas propostas para premio no portal educativo [www.edu.xunta.es/portal](http://www.edu.xunta.es/portal).

2. Contra ela poderase presentar reclamación mediante instancia dirixida á presidenta ou presidente do tribunal, presentándoa no Rexistro Único da Xunta de Galicia, edificio administrativo San Caetano de Santiago de Compostela, no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa publicación.

*Artigo 10º.-Resolución definitiva.*

1. Unha vez resoltas as reclamacións, o tribunal elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios.

2. O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará dita proposta para a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución de concesión ditada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

3. O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de tres meses desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

4. Contra a resolución de adxudicación dos premios poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnala directamente na vía xurisdiccional ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

*Artigo 11º.-Obriga dos/as gañadores/as.*

1. O alumnado gañador dos premios ten a obriga de someterse ás actuacións de comprobación que poidan efectuar os órganos de comprobación competentes, para o que achegará canta información lle sexa requirida, de acordo co artigo 11 da Lei 9/2007.

2. O alumnado premiado presentará certificación de titularidade dunha conta bancaria con 20 díxitos na que se ingresará mediante transferencia bancaria

a dotación do premio. Esta cantidade estará suxeita ás retencións que legalmente correspondan.

3. O beneficiario ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, tal como indica o artigo 14 j) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 12º.-Modificación da resolución de concesión.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación ou resolución no premio concedido, conforme o artigo 23 da Lei 9/2007.

*Artigo 13º.-Transparencia das prácticas da administración.*

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-A obtención destes premios non supón incompatibilidade coa obtención doutros galardóns.

Segunda.-Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Terceira.-Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnala directamente na vía xurisdiccional ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Cuarta.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2010.

Xesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANEXO I*

PROCEDEMENTO <b>PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE ESO AO RENDEMENTO ACADÉMICO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED311D</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO (PARA EFECTOS DE COMUNICACIÓN)		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO			TELÉFONO MÓBIL
CENTRO EDUCATIVO NO QUE CURSOU 4º CURSO DA ESO			
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

1ª lingua estranxeira cursada	<input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Outra
Seleccionar unha materia cursada en 4º da ESO para a 2ª parte da proba	<input type="checkbox"/> Bioloxía e xeoloxía <input type="checkbox"/> Física e química <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Educación plástica e visual <input type="checkbox"/> Latín <input type="checkbox"/> Música

**QUEN ABAIXO ASINA:**  
 Declárase responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, autorizo expresamente a consellería á publicación no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que exixen as referidas normas, referidos tanto a información sobre as axudas concedidas como as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 4 de outubro de 2010 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2009-2010.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  Lugar e data _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA
REVISADO E CONFORME	

## ANEXO II

## DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE PREMIOS E AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO

Don/Dona  , con NIF nº

**DECLARA QUE:**

O/A interesado/a non ten solicitada nin concedida axuda ou premio algún para a mesma finalidade por ningunha das administracións públicas competentes.

Nas datas e polos importes que se relacionan, presentou solicitude/s e recibiu, se é o caso, a/s seguinte/s axudas para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADO O PREMIO OU A AXUDA	DATAS DE		IMPORTE	
	SOLICITUDE	CONCESIÓN <sup>(1)</sup>	SOLICITUDE	CONCESIÓN <sup>(2)</sup>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase *PENDENTE* nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como *DENEGADA*.

(2) Nas solicitudes denegadas farase constar "0" nesta columna.

Lugar e data \_\_\_\_\_ , de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura do/a responsable da solicitude)

Asdo.:

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
San Caetano s/n , 15781 Santiago de Compostela.

## CONSELLERÍA DO MAR

*Resolución do 30 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, relativa aos horarios de traballo nos polígonos de viveiros flotantes durante a vixencia do plan de actuación C nalgunha zona de produción de mexillón.*

En virtude do disposto na Orde do 14 de novembro de 1995, pola que se regula o programa de actuacións para o control de biotoxinas mariñas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, que na súa disposición derradeira faculta o director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica para ditar as disposicións necesarias para o cumprimento da dita orde, e como consecuencia da excepcional intensidade do episodio de toxicidade de tipo lipofílico que na actualidade están padecendo as zonas de produción dedicadas ao cultivo de mexillón en viveiro flotante e coa finalidade última de protexer a saúde

pública e de reforzar os sistemas de control desenvolvidos polos respectivos servizos oficiais das consellerías de Sanidade e Mar, considérase necesario adoptar unha serie de medidas de carácter excepcional e temporal mentres estea vixente o plan de actuación C nalgunha zona de produción de mexillón cultivado en viveiros flotantes, que regulen os horarios de traballo nas zonas de produción de moluscos bivalvos cultivados en viveiros flotantes; e é por estas razóns que

**RESOLVO:**

Queda prohibido calquera labor de cultivo (entendendo por tal toda manipulación dos moluscos bivalvos cultivados en viveiro flotante, incluíndo o seu transporte a bordo das embarcacións auxiliares) en todas as zonas de produción de moluscos bivalvos cultivados en viveiro flotante, con independencia do plan de actuación en que se encontre a zona de produción, entre as 20.00 e as 8.00 horas do día seguinte, establecéndose, polo tanto, o horario de traballo autorizado entre as 8.00 e as 20.00 horas.